

O concurso queda reducido a unha única xornada, a do domingo


A Gaita de Ouro do Constantino Bellón vai parar ás mans de Miguel Doval

REDACCIÓN > FERROL

■ O músico e director Miguel Doval González (A Coruña, 1969) recibirá a Gaita de Ouro do Constantino Bellón 2009, un galardón honorífico que desde 1995 outorga o Ateneo a aquelas persoas ou entidades que destacan polo seu traballo a prol da música galega.

Na acta que o Ateneo Ferrolán fixo pública onte sinálase que Miguel Doval recibe esta distinción pola “labour a de difusión e defensa da música tradicional galega”. Pola súa parte, o galardoadado mostrouse moi satisfeito e agradecido por “recibir un agasallo desta magnitude”. Así mesmo cualificou o Constantino Bellón como o certame de gaita “máis prestixioso de toda Galicia”.

Miguel Doval é, desde o ano 1992, o director da banda de gaitas Airiños de Fene. Ademais é membro do grupo Cordas e fundador, compositor e músico do grupo folk Eiravedra. Ten gravados cinco discos e está a punto de sacar un novo. Ó longo da súa traxectoria profesional recibiu varios recoñecementos. Entre eles cabe destacar o primeiro premio do concurso folk Peregrin (Xacobeo 93) ou o premio de banda da TVG. Así mesmo cabe sulñar as súas actuacións como director de banda de cen músicos na inauguración da Expo 98 en Lisboa, a súa participación en varias edicións do Festival Intercéltico de Lorient (a última o pasado verán coa ban-



Miguel Doval é o director da banda Airiños de Fene

da Airiños de Fene) ou a xira por varias localidades de Portugal co espectáculo “Identidades”.

Final > A Gaita de Ouro entregárase o domingo, día 8, durante o traxcurso da final do Constantino Bellón. Así, aínda que nun principio anunciárase que o concurso desenvolveríase durante as xornadas dos días 8 e 9 de novembro, finalmente o programa queda reducido a un só día, o do domingo. Deste xeito, os dez finalistas do Gaiteiro Solista subiránse ó esce-

nario do teatro Jofre a partir das oito da tarde para interpretar as súas pezas. Ó finalizar as súas actuacións o xurado deliberará e de seguido entregaránse os correspondentes premios. Así mesmo, outorgáranse os correspondentes galardóns do apartado de composición e finalmente a Gaita de Ouro.

O único que queda aprazado (para unha data aínda por confirmar) é a interpretación das tres pezas gañadoras do concurso de composición.